

ACTIVIDADES PROPOSTAS 4 anos

Contos: os 3 porquiños(en galego ou castelán).O caracol Serafín.

LECTOESCRITURA:

-Despois de ler un conto e facerlle preguntas de comprensión. Poden utilizar técnicas para favorecer a imaxinación como preguntarles qué creen que pasa despois (por exemplo, no conto dos 3 porquiños, se pensan que volverán a facer as súas respectivas casas ou seguirán vivindo os 3 xuntos na casa de ladrillo), qué farían eles ou elas no caso de ser o protagonista...

-Páxinas onde poder ver ou ler contos:

<https://www.mundoprimaria.com/cuentos-infantiles-cortos> Con múltiples opcións: lectura do conto, audioconto, videoconto...

<https://www.youtube.com/user/Kidskioske/videos> -Crear un marcapáxinas personalizado para os contos que vaian a ler estos días

-Crear un marcapáxinas personalizado para os contos que vaian a ler estos días

-Debuxos sobre o conto.

-Escribir título do conto.

-Aprender a adiviña:

Levo a miña casa ao lombo

Ando sen ningunha pata

Vou deixando pegadas

Cun fiiño de prata.

Quen son?.

-Debuxar a solución.

-Escribir nunha cartulina ou folio o seu nome . Recortar de revistas ou debuxar cousas que comecen pola súa inicial. Por exemplo: Emma-estrela, elefante, escaleira...

-Intentar facer as letras do seu nome con plastilina

-Escribir diferentes letras incluíndo as do nome do neno .Recortalas en forma de fichiñas para que o rapaz teña que encontrar as que correspondan co seu nome . Ordealas como corresponde.

-Na cociña xogamos aos detectives. Cada día abrimos unha porta ou un caixón.Primeiro preguntamos que pode haber ahí dentro,e logo comprobamos se acertamos Así imos ampliando vocabulario e a dicción.Tamén podemos debuxar o que hai en cada estante.

LÓXICO-MATEMÁTICA:

-Con pinzas da roupa facemos un tren. A locomotora é a pinza que colocamos vertical e despois imos poñendo vagóns. (Así traballamos os números). Se facemos os vagóns con 2 cores traballamos as series. Se poñemos mais vagóns ou quitamos traballamos os conceptos longo-curto. E para divertinos podemos votarlle unha carreira de trens a mamá ou a papá. Haber quen vai máis rápido.

-Facemos construcións con rolos do papel hixiénico. tamén se poden facer con vasiños de iogur facemos torres ou mesmo cortes para os animais...

-Escribir os números cun rotulador nos rolos de papel e nos vasiños de iogur.

-Aprender a canción dos números:

<https://www.youtube.com/watch?v=b5Eov-zOmAo>

-Medirse cada certo tempo para comprobar canto medran.

-Comparar obxectos da casa en canto a tamaño (grande-pequeno), peso (máis pesado, máis lixeiro), se é blando-duro, está frío-quente... e nocións espaciais: dentro-fora, arriba-abaxo, diante-detrás.

-Axudar a elaborar unha receita saudable (con motivo do día 7 de abril: Día Mundial da saúde)

TICS:

- Páxina de xogos educativos:

<http://www.waece.org/sabemos/principal.htm>

-Xogos de números, cores, formas... e sobre diversos temas

http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2009/caracol_serafin/start_html.html

-Xogos relacionados co conto O caracol Serafín.

MANUALIDADES

-Facer un caracol. Con plastilina, ou con boliñas de papel....

--Facemos unha cociña. Cunha Caixa, vale mesmo de zapatos, dámoslle a volta, pintamos os fogóns e debuxámoslle os mandos ou pegámoslle tapós de botellas. Para cociñar, podemos usar os vasiños dos iogures e algo que nos deixen pola cociña ou debuxamos alimentos e recortámoslos.

XOGOS

-Hockey caseiro: colocamos 2 cadeiras (sillas) unha enfronte doutra a modo de porterías. Fabricamos unha pelota caseira envolvendo unha folla do xornal ou outro papel calqueira. e con 2 basoiras (escobas) ou una escoba e unha fregona intentamos meter o máximo de goles posibles.

-Mellorando o equilibrio: facer equilibrio pola raia que forman as baldosas. Cun pé diante doutro. Á pata coxa. Dando saltiños...

-Xogar aos bolos con botellas de plástico. Con rolos de papel hixiénico, cos envases dos bebibles...